

RESOLUCIÓN XERENCIAL DE 27 DE MAIO DO 2013 POLA  
QUE SE INSTRÚE A ACREDITACIÓN DO PRINCIPIO DE  
CONTABILIDADE SEPARADA NOS PROXECTOS DA  
UNIÓN EUROPEA: EU-0001-2013 e EU-0006-2012  
("BIOCAPS" E "ECORAE")

En aplicación do disposto no artigo 60 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, en virtude do cal se expresa a necesidade por parte dos beneficiarios de axudas europeas de acreditar o principio de contabilidade separada para todos os proxectos que son obxecto de subvención;

Consonte ás indicacións formuladas nos "informes de auditoría de operacións" realizados pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, autoridade de control do Programa Operativo para Galicia de Fondos Estruturais (2007-2013);


Á vista das Indicacións da Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que actúa como Organismo Intermedio na xestión do devandito Programa Operativo na Comunidade Autónoma de Galicia;

Coa finalidade de garantir a correcta certificación do gasto e do pagamento nos proxectos cofinanciados con cargo a Fondos Europeos;

E en virtude do artigo 74 dos Estatutos da Universidade de Vigo, polo que se lle atribúe ao xerente a competencia na xestión dos servizos económicos e administrativos da universidade.

DISPOÑO:

**Punto un:** Que no marco das axudas procedentes de Fondos Europeos, entre a documentación xustificativa a presentar polo beneficiario deberá incluírse aquela que permita acreditar o principio de contabilidade separada, ou código contable separado.



**Punto dous:** Que a contabilidade separada consiste na singularización de todas as transaccións relacionadas coa operación obxecto de cofinanciación, sen detrimento das normas de contabilidade nacional.

**Punto tres:** Que para o seu debido cumprimento, asignarase unha orgánica específica para cada un dos proxectos europeos de carácter institucional, arestora vinculados á clasificación económica 648, referida ás actividades de investigación aplicada con empresas (contratos de I+D). A clasificación económica mudará a 646.10 para homoxeneizar criterios co resto dos proxectos financiados U.E.

**Punto catro:** Que ao tratárense de proxectos europeos de carácter institucional, a xestión económica dos mesmos realizarase de forma centralizada no seo do Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento.

**Punto cinco:** Que a totalidade dos gastos deberá imputarse ao código contable asignado, incluíndose entre estes os denominados gastos de persoal con dedicación total ou parcial ao proxecto, segundo a prorrata correspondente.

**Punto seis:** Que a efectos de poder efectuar a modificación orzamentaria correspondente nos proxectos europeos de referencia EU-0001-2013 (“BIOCAPS”) E EU-0006-2012 (“ECORAE”), non se poderá elaborar ningún documento contable ADO ata que non haxa unha confirmación directa por parte da xerencia aos servizos implicados de terse realizado a citada modificación orzamentaria.

En Vigo, 27 de maio de 2013



O xerente,

Asdo.: Manuel Fernández Jauregui

*Sra. Vicerreitora de investigación*  
*Sr. Vicexerente de persoal*  
*Sr. Xefe do servizo de control interno*  
*Sr. Xefe do servizo do persoal docente e investigador*  
*Sra. Xefa do servizo de retribucións*  
*Sra. Xefa do servizo de contabilidade, orzamentos e tesourería*  
*Sr. Xefe do servizo de apoio á investigación e ao desenvolvemento*  
*Sr. Xefe do servizo de xestión económica e contratación*  
*Sr. Xefe da sección de tesourería*  
*Sra. Xefa da sección de proxectos de investigación*

## ANEXO I

### *Recomendacións para a interpretación do principio de contabilidade separada*

Atendendo os resultados das inspeccións desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao longo deste exercicio, informámoslles sobre algúns dos requirimentos nos que fan especial fincapé as autoridades de control:

1. Todas as entidades beneficiarias de axudas procedentes de Fondos Europeos (FSE, FEDER, FC) deberán acreditar que levan contabilidade separada ou código contable axeitado para certificar os gastos e pagamentos obxecto de subvención.
2. No caso de que o programa informático contable permita codificar os asentos contables cun código específico, poderanse codificar todos os ingresos e gastos, así como os pagamentos relacionados cunha determinada operación empregando o mesmo código de referencia ao Fondo de financiamento europeo.
3. No caso no que o programa informático contable non permita codificar os asentos contables cun código específico, terase que traballar en base a subcontas e individualizando tanto os ingresos e os gastos mediante subclasificacións.
4. As autoridades de control requirirán aos Organismos Intermedios que verifiquen “in situ” nas entidades beneficiarias deste tipo de axudas a metodoloxía empregada, comprobando ademais das contas ou subcontas, as datas e os números de asentos contables efectuados.

Estas recomendacións deberán terse en conta na contabilización dos ingresos e dos gastos asociados aos diferentes proxectos financiados por Fondos Europeos.

En Vigo, 27 de maio de 2013

O xerente,



Asdo.: Manuel Fernández Jauregui